

> 2	INTRODUCCIÓN
> 3	CONSULTAS E QUEIXAS CONSULTAS QUEIXAS
> 21	ANÁLISE DE DATOS CASOS POR COLECTIVOS CASOS POR CAMPUS CONSULTAS POR COLECTIVOS QUEIXAS POR COLECTIVOS CASOS POR SEXO CASOS POR ÁREA TEMÁTICA CASOS POR CENTROS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS TEMPO DE RESOLUCIÓN
> 27	RECOMENDACIÓNS / SUXESTIÓNS
> 27	OBXECTIVOS
> 28	PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO
> 29	ANEXOS COMUNICADO DOS DEFENSORES UNIVERSITARIOS ESPAÑOIS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



VALEDOR UNIVERSITARIO MEMORIA XANEIRO 2010 / AGOSTO 2011

O artigo 22 do Regulamento do valedor universitario da UDC recolle: "O valedor universitario presentará unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña".

A última memoria do valedor foi presentada diante do Claustro na súa sesión de 16 de abril de 2010. Nela incluíanse os casos que tiveron entrada na súa oficina ao longo dos anos 2008 e 2009.

O 1 de abril de 2011 tomo posesión como novo valedor universitario da UDC, tras ser elixido polo Claustro na súa sesión de 25 de marzo de 2011, e substitúo o profesor D. Ramón Yzquierdo Perrín, quen, primeiro como presidente da Comisión de Garantías e logo como valedor universitario, viñera desempeñando ininterrompidamente as funcións propias do cargo nos últimos dez anos.

Nesta primeira sesión do Claustro Universitario, que ten lugar tras a elección do valedor, preséntase unha memoria en que se recollen todos os casos presentados na súa oficina entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de agosto de 2011. No entanto, a partir de agora preténdese adecuar a organización das memorias a cada curso académico, criterio que pode resultar complicado levar a cabo plenamente mentres sigan a coexistir os vellos e os novos plans de estudo, mais, en todo caso, como queira que a implantación dos novos títulos no contexto do espazo europeo de educación superior está moi avanzado, fai viable optarmos xa por un formato setembro-agosto.

Ante todo, a Oficina do Valedor Universitario debe implicarse na busca de solucións aos casos concretos

que nela se presentan. Por pequenos e simples que parezan, algúns deles, cando se tratan en profundidade, poden levarnos a apreciar tachas de diversa índole en normas ou procedementos, ou a observar determinados vicios no funcionamento dalgúns órganos ou servizos (mesmo no comportamento dalgunha das persoas que os integran). Nestes supostos, o valedor debe implicarse máis aló da mera resolución do caso concreto e colaborar estreitamente cos correspondentes órganos e servizos universitarios, expoñendo e clarificando a orixe dos problemas e efectuando as recomendacións ou suxestións que estimar oportunas na procura de solucións que eviten a súa repetición. Deste xeito, a Oficina do Valedor Universitario aproveita o seu posto de observatorio de privilexio para participar activamente na mellora do funcionamento da universidade.

É desde esta mesma óptica, de posta en evidencia de posibles tachas ou vicios para seren corrixidos e evitados no futuro, de onde partimos para a elaboración da presente memoria. Así, no resumo das queixas ou reclamacións que pola súa natureza puideran ter certo carácter exemplificador, entramos máis no detalle das consideracións e recomendacións que se recollen nos informes emitidos ao respecto.

Certa sistematización no tratamento dos datos, acompañada dun pequeno soporte gráfico, permítenos, así mesmo, facer máis visible a tipoloxía dos casos e a súa distribución por ámbitos e colectivos. Iníciase, por tanto, un tratamento de datos por curso académico con vocación de se manter en sucesivas memorias co fin de que poida extraerse unha valiosa información sobre a evolución temporal do funcionamento dos diferentes órganos e servizos da universidade, incluído o Valedor Universitario.

Quero, finalmente, recoñecer que para o desenvolvemento das tarefas propias do cargo de valedor universitario conto coa sempre voluntariosa e eficaz axuda de dona Rosa González Romero.

A CORUÑA, 15 DE MAIO DE 2012

CONSULTAS E QUEIXAS

Entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 30 de agosto de 2011 tratáronse na Oficina do Valedor Universitario un total de 59 consultas e 66 queixas ou reclamacións; delas, 36 consultas e 43 queixas ou reclamacións corresponden ao curso académico 2010/11.

Ao igual que en anos anteriores, unha pequena parte das consultas son de natureza simple e de carácter exclusivamente administrativo, polo que se resolveron de inmediato desde a oficina do valedor ou se desviaron ás administracións correspondentes.

Aquelas consultas sobre aspectos en que podería ter cabida máis dunha interpretación son analizadas na propia Oficina desde onde se solicita, con frecuencia, a colaboración de distintos órganos e servizos da administración. Unha parte destas consultas acaban por converterse en queixas ou reclamacións que se incorporan como tal no relatorio de casos.

A maioría das queixas ou reclamacións que chegan á Oficina do Valedor Universitario trátanse amplamente coa parte reclamante por vía telefónica ou presencial; posteriormente analízanse polo miúdo para, a continuación, proceder á fase de conversa e solicitude de alegacións á outra parte en litixio, á recompilación de toda canta documentación e informes foren precisos para a resolución do caso e, finalmente, á redacción do correspondente informe, que se pretende sempre detallado e claramente motivado.

Da análise dalgunhas queixas ou reclamacións acábanse derivando, en ocasións, recomendacións ou suxestións de mellora de normas ou protocolos a diferentes órganos ou servizos.

RELATORIO DE CASOS

1. CONSULTAS

Para cada consulta efectuada á Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O colectivo a que pertence quen a formula.
- O centro ou servizo implicado.
- A data en que se realiza a consulta.
- O asunto obxecto de consulta.

COLECTIVO	CENTRO/SERVIZO	DATA	ASUNTO
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xaneiro/10	Avaliación por compensación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Febreiro/10	Requisitos para ERASMUS
Estudantes	E. Politécnica Superior	Febreiro/10	Premios extraordinarios de doutoramento
Alleos	Fac. de CC. da Educación	Febreiro/10	Acceso a mestrado
Estudantes	Fac. de Socioloxía	Marzo/10	Prazos para cualificación de exames
Estudantes	U. de Estudos de Posgrao (UEPP)	Marzo /10	Expedición de título.
Estudantes	Vicerreitoría de Cultura e Comunic.	Maio/10	Curso de formación complementaria
Estudantes	ETS de Arquitectura	Maio/10	Incidente de comportamento na aula
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/10	Publicación de cualificacións
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/10	Falta de asistencia a clases
Estudantes	Vicerreitoría de Estudantes e RRII	Xuño/10	Xestión do espazo en aula de estudo
Estudantes	Vicerreitoría de Estudantes e RRII	Xuño/10	Xestión do espazo en aula de estudo
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/10	Revisión de exame
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xuño/10	Horarios de revisión de exames
Estudantes	EU de Turismo	Xullo/10	Presentación de traballo fin de carreira

Alleos	LERD	Xullo/10	Acceso á universidade
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Xullo/10	Docencia e avaliación dunha materia
Alleos	Fac. de CC. da Educación	Xullo/10	Revisión de cualificación nun mestrado
Estudantes	Fac. de Enfermería e Podoloxía	Xullo/10	Traslado de expediente
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/10	Protección de datos
Estudantes	Fac. de Enfermería e Podoloxía	Xullo/10	Exames e criterios de avaliación
Alleos	LERD	Xullo/10	Acceso á Universidade
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xullo/10	Recoñecemento de créditos
Estudantes	ETS de Arquitectura	Setembro/10	Taxas académicas
Estudantes	ETS de Arquitectura	Outubro/10	Organización da docencia
Estudantes	Fac. de Dereito	Outubro/10	Avaliación por compensación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Outubro/10	Asesoramento sobre reclamación
Estudantes	ETS de Arquitectura	Novembro/10	Revisión do sistema de libre elección
Estudantes	ETS de Arquitectura	Novembro/10	Convocatoria de decembro
PDI	Fac. de Ciencias	Novembro/10	Criterios de avaliación
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Decembro/10	Practicum da titulación
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Decembro/10	Titorías e avaliación de materias
Estudantes	EU Politécnica	Xaneiro/11	Recoñecemento de créditos de libre elección
Estudantes	Fac. de CC. do Deporte e a Educ. F.	Xaneiro/11	Expediente académico
Estudantes	ETS de Arquitectura	Xaneiro/11	Taxas curso de formación complementaria
Estudantes	Fac. de CC. da Saúde	Xaneiro/11	Solicitud de asesoramento
Alleos	ETS de Arquitectura	Xaneiro/11	Actividade e organización docente
Estudantes	Xerencia	Febreiro/11	Servizo de comedor universitario
Estudantes	ETS de Arquitectura	Febreiro/11	Validación de materias
Alleos	LERD	Febreiro/11	Acceso á Universidade
Estudantes	ETS de Arquitectura	Febreiro/11	Validación de materias
Estudantes	U. Estudos de Posgrao (UEPP)	Febreiro/11	Expedición título de mestrado propio
Estudantes	Xerencia	Marzo/11	Servizo de reprografía
PAS	Centro Atención ao Usuario (CAU)	Marzo/11	Rexistro na páxina de servizos da UDC
Estudantes	Vicerreitoría de Infraestr. e MA	Marzo/11	Adaptación á normativa de medio ambiente
PAS	Fac. de Socioloxía	Abril/11	Concesión permisos
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Abril/11	Cambio de horarios
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Abril/11	Expediente disciplinario
Alleos	Fac. de Dereito	Abril/11	Traslado de expediente
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Maio/11	Cambio de grao
Estudantes	U. Estudos de Posgrao (UEPP)	Maio/11	Expedición de título
Estudantes	Terceiro ciclo	Maio/11	Estudos de doutoramento
Estudantes	Fac. de Dereito	Xuño/11	Cambio de datas de exames oficiais
PAS	Vicerreitoría de Infraestr. e MA	Xuño/11	Funcionamento de servizo
Estudantes	EU de Arquitectura Técnica	Xullo/11	Cambio de titulación
Estudantes	Fac. de Dereito	Xullo/11	Criterios de avaliación dunha materia
Estudantes	Fac. de Ciencias	Xullo/11	Impedimentos para continuar os estudos
Estudantes	ETS de Camiños, Canais e Portos	Xullo/11	Solicitud dun certificado académico
Estudantes	Fac. de CC. da Educación	Agosto/11	Consulta académica

2. QUEIXAS

Para cada queixa ou reclamación que se presenta na Oficina do Valedor Universitario consígnanse os seguintes datos:

- O número con que queda rexistrado o caso.
- A data con que se presenta o caso; o número de rexistro avanza normalmente en paralelo coa data de presentación da queixa, pero en ocasións non existe unha clara correspondencia por se trataren de casos que inicialmente chegaron á Oficina como simples consultas e que, co tempo, acaban derivando en verdadeiras queixas ou reclamacións.
- O motivo da reclamación, entendendo como tal o que manifesta a parte reclamante, independentemente da súa veracidade e de que lle asista ou non a razón.
- A data de inicio das actuacións, tomando como tales os primeiros pasos dados de cara á resolución da queixa: análise de normativa ou contacto con algún órgano ou servizo.
- Os órganos e/ou servizos contactados e/ou a consulta de normativa para o efecto ou de abundante documentación. Baixo a denominación xenérica de “dirección do centro” inclúese xeralmente o contacto directo con decanos/as ou directores/as de centro, mais tamén, en determinados casos, con outros cargos da dirección. De maneira semellante debe entenderse tamén as actuacións con determinadas vicerreitorías, direccións de departamento e outros órganos citados de forma xenérica.
- A resolución da reclamación, incluídos os aspectos máis relevantes e, de ser caso, os órganos e/ou servizos aos que se lles remite o informe.
- A data da resolución, coincidindo coa da remisión do informe final sobre o caso desde a Oficina.

CASO 368/145 Data 04/01/10

Reclamante: PAS	Motivo	Paralización da lista de contratación de auxiliares técnicos de biblioteca.
Inicio: 14/01/10	Actuacións	Xerencia, xunta de persoal do PAS.
Remate: 02/02/10	Resolución	Falla de resposta ás cuestións demandadas.

CASO 369/146 Data 21/01/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación de bolsa de estudos do MEC.
Inicio: 22/01/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 22/01/10	Resolución	Infórmase á reclamante dos requisitos estipulados para a obtención das bolsas e as vías para reclamar.

CASO 370/147 Data 29/01/10

Reclamante: Alleo	Motivo	Trato recibido na conserxaría do centro.
Inicio: 01/02/10	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 01/02/10	Resolución	Comunicáselle a queixa ao director do centro para que tome as medidas oportunas. Infórmase á reclamante.

CASO 371/148 Data 01/02/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Faltas inxustificadas de asistencia a clase e publicación de cualificacións fóra de prazo.
Inicio: 01/02/10	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 12/02/10	Resolución	Comunicáselle a queixa ao director do centro e aconséllase a verificación dos feitos denunciados e a toma, no seu caso, das medidas correctoras oportunas. Infórmase á reclamante.

CASO 372/149 Data 19/02/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Validación de créditos de libre elección e límite de idade para solicitar bolsas.
Inicio: 19/02/10	Actuacións	Administración do centro, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 24/02/10	Resolución	Infórmase ao reclamante de que para os temas académicos debe dirixirse á administración do centro, e de que xa en repetidas ocasións se instara á Vicerreitoría de Estudantes para que suprimira o límite de idade nas convocatorias, con resultado negativo.

CASO 373/150 Data 25/02/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Trato recibido nunha empresa no marco dun convenio de cooperación educativa.
Inicio: 25/02/10	Actuacións	Dirección do centro, Xerencia.
Remate: 18/03/10	Resolución	Solicítase á dirección do centro e á Xerencia un seguimento do cumprimento das cláusulas do convenio por parte das empresas para evitar ese tipo de situacións. Infórmase á alumna de que pode presentar unha reclamación ante o director do centro ou o reitor.

CASO 374/151 Data 03/03/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Faltas inxustificadas a clase de diferentes profesores, así como incumprimento dos prazos para a revisión de exames e sinatura de actas.
Inicio: 04/03/10	Actuacións	Director do centro, profesorado implicado.
Remate: 04/05/10	Resolución	Infórmase á reclamante da inexactitude e incerteza da súa denuncia, con base na documentación achegada por un dos profesores. Comunícaselle, así mesmo, que dada a gravidade da acusación formulada e pola boa marcha dos asuntos académicos non deberían repetirse acusacións desa natureza.

CASO 375/152 Data 04/03/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Retraso no pagamento de bolsas para estadias en prácticas profesionais no estranxeiro.
Inicio: 04/03/10	Actuacións	Servizo de Intervención, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 25/03/10	Resolución	Infórmase ao reclamante dos motivos da demora e instase a axilizar o pagamento.

CASO 376/153 Data 12/03/10

Reclamante: PAS	Motivo	Falta de resposta á solicitude á Xerencia dun anticipo de retribucións. Normativa.
Inicio: 18/03/10	Actuacións	Xerencia.
Remate: 18/03/10	Resolución	Ínstase ao órgano a darlle unha explicación ao reclamante.

CASO 377/154 Data 23/03/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Problemas cunha materia por non asistir a clase.
Inicio: 25/03/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 25/03/10	Resolución	Infórmase ao reclamante de que non se pode interferir no xeito de impartir e desenvolver as clases sempre que o/a profesor/a o faga cumprindo coa normativa.

CASO 378/155 Data 30/03/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Tras dous meses de estadía no estranxeiro cunha bolsa para a realización de prácticas profesionais segue sen adxudicárselle empresa.
Inicio: 31/03/10	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais e Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa.
Remate: 19/05/10	Resolución	Remíteselle á reclamante un escrito da Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa que toma en consideración as explicacións dadas polo socio responsable no país de acollida. A reclamante cuestiona as explicacións dadas pola entidade colaboradora e comunica que presentará unha reclamación ante o reitor para esixir responsabilidades e compensacións pola falla de cumprimento das bases do contrato.

CASO 379/156 Data 14/05/10

Reclamante: PAS	Motivo	Urxe resposta a un escrito remitido á Xerencia en que se solicita a adscrición definitiva a un posto de traballo na Coruña por motivos de saúde. Solicita que se interveña na UDC para regular a mobilidade por razóns de saúde.
Inicio: 14/05/10	Actuacións	Xerencia, xunta de persoal do PAS, Secretaría Xeral.
Remate: 05/05/10	Resolución	Ínstase aos órganos competentes a dar rápida resposta e solución aos asuntos en cuestión.

CASO 380/157 Data 26/04/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Reclamación dun exame.
Inicio: 27/04/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 27/04/10	Resolución	Dado que o alumno presentara unha reclamación ante o reitor un mes antes, infórmase de que debe agardar a correspondente resposta.

CASO 381/158 Data 05/05/10

Reclamante: Alumnos	Motivo	Presión para asinar un manifesto de apoio á dirección do centro en relación cunha apertura de expediente.
Inicio: 12/05/10	Actuacións	Reitor
Remate: 14/05/10	Resolución	Comunicásele o asunto ao reitor.

CASO 382/159 Data 12/05/10

Reclamante: Profesora	Motivo	Dificultade para atender as titorías por reiterada ocupación da aula que se precisa.
Inicio: 19/05/10	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 19/05/10	Resolución	Ínstase ao órgano correspondente á procura dunha solución axeitada coa maior brevidade posible.

CASO 383/160 Data 12/05/10

Reclamante: Profesor	Motivo	Modificación do POD de cursos pasados para que figure o número de grupos de prácticas realmente impartidos nunha materia (tres no canto de catro) e expedición de certificado en que consten as horas de docencia impartidas pola persoa que substituíu ao reclamante durante tres breves permisos no curso 2008/09.
Inicio: 19/05/10	Actuacións	Dirección do departamento.
Remate: 16/06/10	Resolución	O director do departamento sinala que o departamento non pode certificar aspectos da solicitude sobre os que non ten evidencias, e que as persoas interesadas poden propoñer a inclusión dun punto na orde do día do próximo consello de departamento e solicitar a modificación do POD nos termos indicados co fin de proceder ao seu debate e aprobación, se proceder. De aprobarse a modificación, o departamento procedería a tramitar a solicitude de modificación do POD ante a Vicerreitoría de Profesorado.

CASO 384/161 Data 27/05/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Non presentación ao Premio Nacional á Excelencia no Rendemento Académico por falla de publicación sobre os prazos de solicitude na páxina web do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE).
Inicio: 03/06/10	Actuacións	Normativa, escritos remitidos á reclamante polos órganos competentes.
Remate: 03/06/10	Resolución	Tras lamentar os prexuízos provocados, lémbbraselle á reclamante que na propia páxina web do SAPE figura unha cláusula de exención de responsabilidade, e suxíreselle que se dirixa ao órgano convocante, dentro do propio Ministerio de Educación por se houber algunha vía que lle permita presentarse noutra convocatoria.

CASO 385/162 Data 03/06/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Defectos e irregularidades na convocatoria do Programa Leonardo da Vinci "Prácticas HAC LUCE".
Inicio: 03/06/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 03/06/10	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

CASO 386/163 Data 04/06/10

Reclamante: Profesora	Motivo	O centro non posibilita o cambio de departamento ao non acceder a cambiar a prioridade na área responsable da impartición dunha materia que está a impartir. Trato discriminatorio.
Inicio: 09/06/10		
Remate: 09/09/10	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Comunicáselle á reclamante a resposta do director do centro, quen considera que o cambio de departamento non chegou a bo termo por circunstancias alleas ao centro. Recóllese tamén no escrito do director do centro que o departamento saínte emitiu un informe favorable ao cambio da profesora e que non ten noticia dun posible informe do outro departamento. Sinala, finalmente, que o departamento de saída decidira que no caso de que a profesora se encadrara no outro departamento desviaría a docencia da materia a este último.

CASO 387/164 Data 04/06/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Desconformidade coa resolución da comisión de docencia do centro ante a súa solicitude de revisión dun exame.
Inicio: 04/06/10		
Remate: 04/06/10	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Informase á reclamante de que se non está de acordo coa resolución debe presentar un recurso de alzada ante o reitor.

CASO 388/165 Data 19/07/10

Reclamante: Profesora	Motivo	Trato recibido por parte dun administrativo.
Inicio: 20/07/2010	Actuacións	Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo.
Remate: 28/07/10	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

CASO 389/166 Data 29/07/10

Reclamante: 2 alumnas	Motivo	Trato intimidatorio e contra a integridade moral por parte de dous profesores.
Inicio: 29/07/10		
Remate: 29/07/10	Actuacións	Normativa.
	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

CASO 390/167 Data 27/08/10

Reclamante: Personal Cap. VI	Motivo	Irregularidades na contratación de persoal con fondos económicos do capítulo VI.
Inicio: 27/08/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 27/08/10	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

CASO 391/168 Data 17/09/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Suspense nunha materia mantido pola comisión académica do centro.
Inicio: 17/09/10	Actuacións	Dirección do centro, dirección do departamento.
Remate: 21/09/10	Resolución	Infórmase ao reclamante dos motivos do mantemento da cualificación e de que pode falar sobre o particular co director do departamento.

CASO 392/169 Data 17/09/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Problemas coa validación de materias tras o traslado de expediente.
Inicio: 17/09/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 21/09/10	Resolución	Infórmase á reclamante sobre as competencias nesa materia, normativa e prazos.

CASO 393/170 Data 03/09/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Suspense nunha materia mantido pola comisión de docencia e validacións do centro e pendente de resolución de recurso de alzada.
Inicio: 16/09/10	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 27/09/10	Resolución	Infórmase á reclamante sobre o estado do seu expediente.

CASO 394/171 Data 21/09/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Demora no pagamento do 2.º prazo dunha bolsa para estada no estranxeiro por convenio UDC / entidade bancaria.
Inicio: 21/09/10	Actuacións	Servizo de Patrimonio e Xestión Económica, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 22/09/10	Resolución	Constrinximento para que se desbloquee o pagamento por parte da UDC.

CASO 395/172 Data 05/11/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Incumprimento de contrato en relación cunha bolsa para estada formativa no estranxeiro.
Inicio: 11/11/10	Actuacións	Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais.
Remate: 12/11/10	Resolución	Asunto pendente de resolución reitoral. Remisión de oficio ás vicerreitorías citadas en que se lles comunica a reiteración dese tipo de queixas e se lles solicita a súa intervención para que os fallos detectados non se reproduzan en futuras convocatorias.

CASO 396/173 Data 15/11/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Retraso no traslado do expediente no seo da UDC, con problemas de vencemento dos prazos para a matrícula.
Inicio: 15/11/10	Actuacións	Servizo de Organización Académica.
Remate: 18/11/10	Resolución	Infórmase á reclamante do atranco nos servizos informáticos e do inminente traslado do expediente.

CASO 397/174 Data 13/12/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Denegación de validacións por falta de documentación, non notificada pola administración e non aceptada fóra de prazo.
Inicio: 16/12/10	Actuacións	Administración do centro, dirección do centro.
Remate: 23/12/10	Resolución	Comunicáselle á alumna a disposición do decano a tratar de solucionar o asunto, polo que debe contactar con el e achegarlle toda a documentación.

CASO 398/175 Data 19/12/10

Reclamante: Alumna	Motivo	Non concesión de premio extraordinario e tardanza na resolución do recurso presentado.
Inicio: 23/12/10	Actuacións	Secretaría Xeral, dirección do centro.
Remate: 05/04/11	Resolución	Infórmase á reclamante de que tras recibir na Secretaría xeral un informe motivado do tribunal, o asunto resolverase na próxima reunión do Consello de Goberno.

CASO 399/176 Data 21/12/10

Reclamante: Profesor (Cargo acad.)	Motivo	Conflicto con profesores, solicitude de amparo e de incoación de expedientes.
Inicio: 30/12/10	Actuacións	Normativa.
Remate: 30/12/10	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo.

CASO 400/177 Data 22/12/10

Reclamante: Alumno	Motivo	Denegación de bolsa por erro material no expediente académico.
Inicio: 23/12/10	Actuacións	Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
Remate: 13/01/11	Resolución	Infórmase ao reclamante das respostas proporcionadas polas citadas vicerreitorías e a Sección de Bolsas.

CASO 401/178 Data 03/02/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Demora no ingreso de bolsa con repercusión no ingreso reclamado pola organización do país de destino.
Inicio: 04/02/11	Actuacións	Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, Xerencia.
Remate: 04/02/11	Resolución	Infórmase á reclamante de que o crédito desbloquearase de inmediato.

CASO 402/179 Data 08/02/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Problemas en expedición de título con suplemento europeo.
Inicio: 08/02/11	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica.
Remate: 23/02/11	Resolución	Infórmase ao reclamante de que o asunto xa está solucionado.

CASO 403/180 Data 16/02/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Non se acepta a modificación para a validación de materia cursada como Erasmus pola materia solicitada.
Inicio: 17/02/11	Actuacións	Administración do centro.
Remate: 18/02/11	Resolución	Infórmase ao reclamante dos motivos de que non se validase a materia, comunícaselle que o prazo para a ampliación de matrícula aínda non rematou e comunícaselle a disposición da administración e do coordinador do centro para tratar o tema.

CASO 404/181 Data 16/02/11

Reclamante: Alleo	Motivo	Imposibilidade de acceso a grao mediante a acreditación de experiencia laboral.
Inicio: 17/02/11	Actuacións	LERD, Servizo de Organización Académica.
Remate: 24/02/11	Resolución	Infórmase de que o RD 1892/2008 ten que ser desenvolvido e regulado pola universidade e que debe esperar a resposta ao escrito que remitiu ao reitor.

CASO 405/182 Data 20/03/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Falta de pagamento de seis mensualidades de traballo en laboratorio, falta de cartos para facer fronte ao pagamento da súa matrícula e ameaza de expediente.
Inicio: 24/03/11	Actuacións	Coordinador do laboratorio, entrevista singularizada ao persoal do laboratorio, director do centro, Xerencia.
Remate: 26/05/11	Resolución	Emítese un detallado informe ao reclamante en que se recolle que, máis aló da interpretación que se lle puider dar a unha carta de recomendación asinada polo coordinador do laboratorio, non se aprecia ningún indicio de débeda; aconséllaselle que extreme as precaucións para non danar gratuitamente a imaxe de ningunha institución, comunícaselle que o tema do aprazamento do pago da súa matrícula está en mans da Xerencia e informáselle de que non está no ánimo do director do centro promover un expediente. Remítese copia do informe ao coordinador do laboratorio e ao director do centro.

CASO 406/183 Data 23/03/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Tardanza no cobro dun premio dun concurso organizado nun centro.
Inicio: 25/03/11	Actuacións	Administración do centro.
Remate: 28/03/11	Resolución	Infórmase ao reclamante da existencia dun expediente de pagamento do premio, e máis dos trámites que quedan por facer antes de que este se faga efectivo.

CASO 407/184 Data 23/03/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Incumprimento das normas de organización e distribución de prazas de intercambio Erasmus/Séneca.
Inicio: 24/03/11	Actuacións	Coordinadora do programa no centro.
Remate: 24/03/11	Resolución	Infórmase á reclamante das explicacións dadas pola coordinadora segundo as cales non se incumpriron as normas.

CASO 408/185 Data 01/04/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Pagamento dunha certificación académica simple considerado excesivo.
Inicio: 01/04/11	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica.
Remate: 10/05/11	Resolución	Logo de informar aos órganos competentes, estes deciden que procede a devolución das taxas ao reclamante, e que desde o citado servizo se remitirá unha información de carácter xeral dirixida a todas as administracións dos centros a ese respecto. Infórmase ao reclamante.

CASO 409/186 Data 04/04/11

Reclamante: PAS	Motivo	Non se computa a ocupación dun cargo superior na baremación dunhas probas selectivas para a provisión de prazas de persoal laboral de inferior categoría.
Inicio: 05/04/11	Actuacións	Xerencia.
Remate: 16/05/11	Resolución	Infórmase ao reclamante de que o procedemento seguido en relación co seu caso parece terse axustado a dereito, cumprir coa normativa vixente na UDC e non provocar agravios comparativos.

CASO 410/187 Data 02/05/11

Reclamante: Profesor	Motivo	Acoso laboral
Inicio: 03/05/11	Actuacións	Administración do centro, Servizo de Organización Académica.
Remate: 04/05/11	Resolución	Non se admite a trámite por terse iniciado un procedemento administrativo. Remisión de escrito ao reitor en que se lle manifesta a posta a disposición para mediar na resolución do conflito se así o estimar oportuno.

CASO 411/188 Data 06/05/11

Reclamante: Alumnos Inicio: 11/05/11 Remate: 24/06/11	Motivo	Tratamento de dúas materias cuadrimestrais como unha materia anual única e a problemática derivada; tratamento diferenciado de grupos sen igualdade de oportunidades.
	Actuacións	Profesor responsable e dirección do centro. Ampla documentación.
	Resolución	Emítese un informe detallado con recomendacións de adaptación flexible á norma, tratando de conxugar os lexítimos intereses dos reclamantes cos intereses dos/as alumnos/as repetidores e a configuración do ensino, e tomando en consideración que se trata de materias dun plan de estudos a piques de extinguirse. O informe remítese ao colectivo reclamante, ao profesor responsable das materias, ao director do departamento, ao director do centro e mais á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.

CASO 412/189 Data 04/05/11

Reclamante: Asociación estudentes Inicio: 05/05/11 Remate: 06/05/11	Motivo	Denegación de permiso para colar faixa con reivindicación académica no vestíbulo do centro.
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Infórmase aos reclamantes de que as competencias recaen na dirección do centro e que o decano manifesta que desde hai tempo teñen por norma non permitir no seu centro colgar nin colar carteis fóra dos taboleiros. Comunicaselle igualmente que si poderían poñer mesas informativas no vestíbulo nas cales se podería colocar información a modo de faldrón ou mesmo pancartas informativas na parte posterior.

CASO 413/190 Data 18/05/11

Reclamante: 2 alumnos Inicio: 19/05/11 Remate: 07/06/11	Motivo	Variación dos criterios prefixados para a avaliación dunha materia nunha licenciatura.
	Actuacións	Profesora responsable, dirección do centro, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías.
	Resolución	Un cambio de profesor levou ao cambio de criterios, que non foron sometidos á aprobación do consello de departamento mais que foron feitos públicos verbalmente na aula e a través da plataforma Moodle ao comezo do curso. Ao non seren denunciados os novos criterios antes de que a súa aplicación resultase negativa para os reclamantes e co fin de evitar agravios comparativos, infórmaseselles de que nese intre xa non parece procedente acceder á súa petición, aínda que unha interpretación estrita da norma, sen máis consideracións, podería darlles a razón. Dado que a raíz desta reclamación se aprecian importantes carencias nun número considerable de guías docentes de diversas titulacións, remíteselle unha suxestión de alerta á Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, para que se extreme o celo nos vindeiros cursos.

CASO 414/191 Data 23/05/11

Reclamante: 2 alumnos Inicio: 25/05/11 Remate: 31/05/11	Motivo	Non lle permiten presentarse a un exame teórico único para avaliar a materia na convocatoria de xuño por non ter superadas as prácticas.
	Actuacións	Profesor responsable, dirección do centro.
	Resolución	Infórmase aos reclamantes de que o criterio aplicado polo profesor é o que figura na guía docente e que semella un criterio lóxico dado que se trata dunha materia cun elevado contido práctico.

CASO 415/192 Data 25/05/11

Reclamante: Claustral

Inicio: 03/06/11

Remate: 18/10/11

Motivo	1. Sistemáticamente o equipo reitoral e en particular o reitor incumpre o regulamento do Claustro e impide que os claustrais exerzan os seus dereitos. 2. A forma de levar a cabo a elección do valedor universitario no último Claustro e o regulamento en que se apoia parecen totalmente inadecuados.
Actuacións	Reitor, secretario xeral. Ampla documentación.
Resolución	Realízase un amplo informe, que se remite ao reclamante, ao reitor e ao secretario xeral. Nel recóllese, a modo de conclusión o seguinte: "1. Cando se analizan correctamente as competencias e o papel xogado pola Mesa do Claustro e polo seu presidente, así como os dereitos e deberes dos claustrais, non cabe falar de conculcación sistemática dos dereitos destes últimos e menos aínda, por improcedente, culpar dela ao equipo reitoral. 2. Aínda que pequenas distorsións no funcionamento dun claustro parecen inevitables, convén extremar o celo, tanto no proceso de comunicación das convocatorias e a posta a disposición da documentación, como na organización dos debates. Sen mingua do seu dereito a cuestionar ou mesmo a impugnar actuacións da Mesa do Claustro ou do seu presidente, se for preciso, os claustrais deberían, no entanto, deixar de cuestionar sistemáticamente as actuacións deste órgano democrático e plural que actúa en representación do propio Claustro. Dentro dunhas formas razoables, o verdadeiramente importante para todo claustral debería ser empregar o tempo en debates de fondo. 3. O Claustro debe ser un órgano vivo e foro de debate de calquera tema relevante para a Universidade. Baixo esta óptica, algunhas sesións do Claustro poderían encaixar mellor como sesións extraordinarias. Unido isto ao baleiro de competencias específicas do Claustro que se produce tras a promulgación da LOU en 2001 e a súa reforma de 2007, suxiro que nun próximo futuro se considere unha posible adaptación do artigo 11 do Regulamento de réxime interno do Claustro. 4. O proceso de elección do valedor universitario efectuouse de acordo cun regulamento garantista que fora aprobado por asentimento unánime do Claustro universitario na súa sesión do 5 de maio de 2006, e seguindo os acordos adoptados pola Mesa do Claustro, como órgano competente, na súa reunión do 14 de febreiro de 2011."

CASO 416/193 Data 30/05/11

Reclamante: 2 prof.

Inicio: 30/05/11

Remate: 27/07/11

Motivo	Resolución da comisión académica do centro en que modifica a cualificación outorgada a unha alumna, en contra do seu criterio como profesores e do informe da comisión interdepartamental. A alumna presentara unha reclamación ante o director do centro sen acudir previamente á revisión das probas, nas cales acadara unha moi baixa cualificación que mesmo non chegou a cuestionar na súa reclamación.
Actuacións	Dirección do centro, Asesoría Xurídica, Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións. Ampla documentación.
Resolución	Emítense un detallado informe en que se inclúen numerosos correos electrónicos remitidos entre os profesores e a alumna, quen solicita insistentemente criterios especiais de avaliación por imposibilidade de desprazarse á Coruña mesmo para a realización dos exames, e nos que alega motivos de traballo e de residencia a varios centos de quilómetros desta cidade, o que, segundo a súa versión, lle fora aceptado pola dirección do centro cando acudiu a matricularse. Tras recoller no informe a consideración de que os profesores, como membros da propia administración que está obrigada a resolver, carecen de lexitimidade para interpoñer recurso contra a decisión adoptada polo órgano colexiado competente, conclúese:

“A aplicación, pola Comisión de Docencia, dun novo criterio de avaliación, tras suspender a alumna coa aplicación dun procedemento de avaliación que fora aceptado por ela, a singularidade dese novo criterio (superación do 75% da materia) no sistema de avaliación ao uso na UDC, a obtención dunha nota inferior a 5 se tras a aplicación dese criterio procedémos a traducilo en cifras, e a consideración pola Comisión de Docencia dun informe en que o expresado polo informante excede das súas competencias, deberían ser considerados como motivos fundados para considerar improcedente a resolución favorable adoptada pola Comisión de Docencia...”

O informe remata coa solicitude aos órganos competentes de que adopten as medidas que consideren oportunas. Remítese aos reclamantes, á alumna, ao director do centro, á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións e ao reitor.

CASO 417/194 Data 07/06/11

Reclamante: Alumna

Inicio: 07/06/11

Remate: 28/07/11

Motivo	Acoso con repercusión en cualificación pasada, previsible repercusión en cualificación próxima e clara afectación persoal.
Actuacións	Asesoría Xurídica
Resolución	Ao non ter presentado un recurso en tempo á primeira cualificación, e toda vez que a reclamante recibe, sen intervención ningunha, a elevada cualificación á que cría ter dereito para a segunda, infórmase de que, de considerar que o acoso persoal persiste, pode presentar un escrito motivado de denuncia perante o reitor, o que levaría á práctica das correspondentes dilixencias informativas para analizar os feitos denunciados.

CASO 418/195 Data 09/06/11

Reclamante: Alumno

Inicio: 10/06/11

Remate: 13/06/11

Motivo	Criterios e proceso de avaliación dunha materia non axeitados ou incorrectos, e número de suspensos moi elevado.
Actuacións	Profesor.
Resolución	A denuncia dos feitos prodúcese antes da data de revisión do exame. Comunicáse ao reclamante a resposta do profesor sobre as cuestións formuladas e que os criterios de avaliación aplicados son os que figuran na guía docente da materia. Infórmase, así mesmo, do procedemento de reclamación que cómpre seguir se, tras acudir á revisión do exame, segue a considerar que hai motivos fundados para continuar coa reclamación.

CASO 419/196 Data 10/06/11

Reclamante: Alumna

Inicio: 13/06/11

Remate: 13/06/11

Motivo	Graves problemas de xestión administrativa para a incorporación á universidade de destino cunha bolsa de intercambio.
Actuacións	Dirección da Oficina de Relacións Internacionais (ORI).
Resolución	A directora da ORIponse en contacto coa reclamante para lle manifestar que ela mesma contactou ao respecto coa directora de Relacións Internacionais da universidade de destino e que o convenio entre as universidades está en trámite de sinatura para que poida incorporarse sen problemas; finalmente,ponse ao seu dispor para calquera outra información que precise.

CASO 420/197 Data 22/06/11

Reclamante: Rep. alumnos	Motivo	Os criterios de corrección non se adecúan aos explicitados na guía docente da materia.
Inicio: 23/06/11	Actuacións	Administración e dirección do departamento.
Remate: 24/06/11	Resolución	Desde a administración do departamento comunícase que o asunto fora xa presentado polo alumno ante a Dirección do departamento, desde onde se informara ao coordinador da materia, e que fora resolto favorablemente para os alumnos. Desde a Dirección do departamento remítenos o escrito do coordinador da materia, quen admite o erro, explica con claridade o motivo deste e indica que xa se procedera á revisión das cualificacións dos alumnos afectados pola situación aplicándolles estritamente os criterios contidos na guía docente.

CASO 421/198 Data 22/06/11

Reclamante: Rep. alumnos	Motivo	Dificultade seria para a aplicación da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións no relativo aos prazos de reclamacións tras a entrada en vigor do novo calendario adaptado ao EEES.
Inicio: 08/07/11	Actuacións	Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións.
Remate: 11/07/11	Resolución	Apóíase o fondo da cuestión e comunicáselle á citada vicerreitoría, para a súa toma en consideración. Desde esta comunícasenos que xa se están a considerar modificacións na normativa para adecuarse aos novos plans.

CASO 422/199 Data 23/06/11

Reclamante: Rep. alumnos	Motivo	Problemática creada polo horario de verán no centro: interrupción de horarios na biblioteca e na cafetería.
Inicio: 28/06/11	Actuacións	Xerencia
Remate: 11/07/11	Resolución	Comunicáselle ao reclamante a información transmitida pola Xerencia: o asunto da cafetería xa está resolto e estase á procura dunha solución para a biblioteca.

CASO 423/200 Data 04/07/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Problemas para a admisión nun programa de doutoramento.
Inicio: 06/07/11	Actuacións	Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións; Vicerreitoría de Investigación.
Remate: 08/07/11	Resolución	As dificultades proveñen de cambios na lexislación alleos á universidade. Desde os órganos de goberno xa estaban a traballar sobre o asunto e atopan unha solución satisfactoria para o alumnado, o que se lle comunica á reclamante para o seu coñecemento.

CASO 424/201 Data 01/07/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Claro descontento co ensino de dúas materias dun mesmo departamento, alegando completa insuficiencia do ensino impartido para acadar o nivel esixido nas probas. As prácticas non se focalizan na aprendizaxe e á hora da verdade non son máis que unha corrección do formato de presentación dun libro. Trato vexatorio aos estudantes, mesmo facendo alusión directa ao físico da reclamante.
Inicio: 05/07/11	Actuacións	Análise da solicitude.
Remate: 07/07/11	Resolución	Tras comunicar á reclamante a admisión a trámite e que, dado o carácter persoal da súa reclamación, sería preciso dar o seu nome durante a súa tramitación, a reclamante remite un escrito en que solicita a paralización da súa reclamación ata novo aviso.

CASO 425/202 Data 01/07/11

Reclamante: Alumno	Motivo	O traballo práctico desenvolvido ao longo de todo o curso non se ve reflectido na nota final da materia, que conta unicamente a nota de teoría. Contravéñense os artigos 25 e 27 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións. As cualificacións son moi baixas e practicamente son todo cinco salvo algún seis. Só se publican as notas das persoas aprobadas.
Inicio: 05/07/11	Actuacións	Profesor responsable; dirección do departamento.
Remate: 09/09/11	Resolución	<p>No seu escrito de alegacións o profesor comeza por dicir que a reclamación é en todo incerta.</p> <p>Nun detallado informe inclúense, entre outros, os seguintes comentarios fundados na análise do caso:</p> <p>“- Na guía docente oficial da materia non se recolle ningún criterio de avaliación.</p> <p>- ...cada profesor debería ser quen de concretar e publicar de acordo coa normativa vixente uns criterios que permitisen avaliar a aprendizaxe do estudante neses determinados coñecementos, procurando, na medida do posible, que a subxectividade na avaliación fiquese relegada ao mínimo. Cada criterio parcial debería ser cuantificado como unha determinada porcentaxe da nota final. A propia valoración global dun proxecto podería considerarse como un criterio adicional de avaliación e facer tamén constar a súa correspondente porcentaxe da nota final.</p> <p>- Non está no meu ánimo trasladar directamente a idea de que a falla formal de criterios concretos por escrito implique que non se teñan aplicado na avaliación da materia que nos ocupa, mais tamén debo sinalar que a uniformidade nas notas provisionais dos estudantes aprobados non axuda a persuadirse do contrario.</p> <p>- Non entro a valorar a porcentaxe de alumnos/as que superaron a materia. Cada alumno debe obter a título individual a nota que realmente se merece, e asístelle o dereito a reclamar se considera que a súa cualificación non se axusta ao esperado. Cada profesor ten un determinado nivel de esixencia e o fundamental é que o seu nivel de esixencia vaia parello co da ensinanza da materia e que os criterios empregados na cualificación sexan claros e se apliquen por igual a todos os alumnos.”</p> <p>Tras estas e outras consideracións achéganse as seguintes recomendacións:</p> <p>“Para os vindeiros cursos, e cumprindo axeitadamente coa normativa en vigor na UDC, os profesores de... deben atender ás seguintes recomendacións:</p> <p>- Someter á aprobación polo departamento dunha guía docente completa, en que queden claramente reflectidos os criterios de avaliación para a materia.</p> <p>- Publicar as notas de prácticas e as notas do exame teórico por separado.</p> <p>- Publicar as notas de prácticas, como mínimo, sete días antes da realización do exame final.</p> <p>- Publicar as notas de todos os alumnos, e non só as dos aprobados.</p> <p>No ámbito das súas competencias, o departamento e o centro deben estremar o celo e velar polo estrito cumprimento das normas.”</p> <p>Infórmase ao reclamante, ao profesor responsable da materia, ao director do departamento, ao director do centro, á vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías e á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.</p>

CASO 426/203 Data 01/07/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Contravéñense os artigos 19, 25 e 27 da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións.
Inicio: 05/07/11	Actuacións	Profesor.
Remate: 15/09/11	Resolución	O profesor declina presentar alegacións por escrito. Da análise do caso despréndese que as cualificacións provisionais finais da materia foron publicadas dentro do prazo oficial, aínda que fóra do prazo publicado polo centro no seu calendario de exames e actas. A pesar de que a normativa académica recolle que as cualificacións dos traballos que sirvan para a avaliación do/a estudante deberán facerse públicas, como mínimo, sete

días antes da realización do exame final da materia, transcorrido un mes desde a realización do exame final as notas dos traballos correspondentes á parte da materia impartida polo profesor seguían sen publicarse. Remítese informe ao reclamante, ao profesor, ao director do centro e á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións.

CASO 427/204 Data 14/06/11

Reclamante: 2 alumnos	Motivo	Non publicación das notas da 1. ^a convocatoria para dúas materias dun mestrado, á data de realización dos exames da 2. ^a convocatoria.
Inicio: 01/07/11	Actuacións	Coordinador do mestrado.
Remate: 05/07/11	Resolución	Trátase dun mestrado interuniversitario. Postos en contacto co coordinador do mestrado (da UDC), conséntase que os reclamantes están matriculados noutra universidade, polo que a deberían reclamar nesa universidade. A pesar diso, o coordinador preocúpase polo caso e informa da resposta do responsable na outra universidade, quen manifesta que as notas foran publicadas en prazo polas canles oficiais da súa institución.

CASO 428/205 Data 11/07/11

Reclamante: Alumno	Motivo	Problemas con validación de materias cursadas como Erasmus con imposibilidade de rematar a diplomatura para acceder ao grao no próximo curso.
Inicio: 12/07/11	Actuacións	Coordinadora de intercambios do centro.
Remate: 14/07/11	Resolución	Nun detallado informe, que se lle comunica ao alumno, a coordinadora fai un relato do sucedido en que destaca que non todos os destinos son axeitados para todas as titulacións polas materias que se poden validar e que a dita consideración debe ser o factor fundamental que un alumno debe ter en conta cando solicita a mobilidade; conclúe que a pesar dos requirimentos efectuados por ela mesma: 1) O alumno non se axusta ao procedemento administrativo establecido, ou cando menos a día de hoxe segue sen ter constancia diso. A maiores da copia da folla de "Modificación do contrato...", debe enviar a folla de "Changes..." debidamente cuberta e asinada polo coordinador de destino. 2) Procurouse facilitar, por todos os medios, que o alumno cumprira co trámite. 3) Por suposto, se se demostrase que o alumno cumpriu axeitadamente co trámite e remitiu a documentación correctamente, non haberá problema ningún en solucionar este asunto.

CASO 429/206 Data 23/06/11

Reclamante: Alumna	Motivo	Desconformidade co cálculo da nota media do expediente nunha convocatoria de contratos pre-doutorais.
Inicio: 30/06/11	Actuacións	Vicerreitoría de Investigación.
Remate: 08/08/11	Resolución	Solicítase da presidenta da Comisión de Investigación información detallada sobre o procedemento empregado no cálculo da nota media, ao tratarse dun expediente procedente dunha universidade estranxeira. Comunicáselle á interesada o informe co detalle do procedemento de cálculo.

CASO 430/207 Data 14/07/11

Reclamante: 2 alumnos	Motivo	Aparecen cun "0" na cualificación dunha materia ao considerar que copiaron algunha pregunta, cousa que negan. Tampouco se lles permitiría aprobar a materia na convocatoria de setembro.
Inicio: 14/07/11	Actuacións	Dirección do centro.
Remate: 04/08/11		

Resolución	Os alumnos deciden presentar unha reclamación ante o director do centro. Coincidimos coa opinión do director do centro na ilegalidade de facer extensible o suspenso a outra convocatoria, polo que, para evitar malentendidos, os profesores da materia remítenlles aos alumnos reclamantes unha nota aclaratoria nese sentido. A revisión dos exames será realizada pola correspondente comisión.
------------	---

CASO 431/208 Data 30/06/11

Reclamante: Alumno Inicio: 01/07/11 Remate: 29/09/11	Motivo	Manifiesto desacordo coa cualificación outorgada nunha materia, tras proceder á revisión do exame. Consideración de que xa se lle corruxira indebidamente na anterior convocatoria, o que lle viña impedindo rematar a carreira e lle ocasionaba graves prexuízos de carácter académico e económico.
	Actuacións	Dirección do centro.
	Resolución	Recoméndaselle ao alumno que presente a oportuna reclamación perante a Dirección do centro, con copia ao Valedor. Unha vez presentada (con data 18 de xullo) interesámonos polo caso desde o seu inicio. Transcorridos dous meses e medio resólvese favorablemente para o reclamante.

CASO 432/209 Data 26/07/11

Reclamante: Alumna Inicio: 26/07/11 Remate: 26/07/11	Motivo	Aparece no expediente cun "Non presentado" cando obtivo un 6 no exame da materia. Tras remitir un correo ao profesor a finais de xuño, este admite o erro e maniféstalle que o corruxirá canto antes. A 26 de xullo decide solicitar o amparo do valedor dado que a nota segue sen ser modificada, non obtivo resposta a novos correos remitidos ao profesor e na administración do centro lle comunican que non poden facer nada ao respecto.
	Actuacións	Secretario do centro.
	Resolución	O profesor manifesta que presentara a correspondente solicitude de cambio de nota na administración do centro, desde onde a redirixeron á Reitoría. Sinala, así mesmo, que hai un par de semanas recibiu a confirmación de aceptación do cambio. O secretario do centro comenta que o asunto está en trámite e quedará resolto en breve. Infórmase de todo isto á reclamante e trasládasele o ofrecemento do secretario do centro a que contacte directamente con el se así o precisar.

CASO 433/210 Data 05/08/11

Reclamante: Alumno Inicio: 08/08/11 Remate: 15/11/11	Motivo	SOS dunha persoa que manifesta a moi difícil situación económica pola que atravesaba un veciño seu, alumno de 3.º ciclo na UDC, estranxeiro, con escaso coñecemento das linguas da nosa comunidade, quen por cuestións de requirimento de homologación de título para poder ser contratado en novos proxectos de investigación no laboratorio onde realiza a súa tese carece dos recursos máis básicos para a súa subsistencia.
	Actuacións	Director da tese, responsable do grupo de investigación, Servizo de Investigación, Servizo de Intervención, Vicerreitoría de Investigación, Oficina de Estranxeiría da Subdelegación do Goberno na Coruña.
	Resolución	Cando despois de moitos atrancos se dá cunha fórmula que posibilita a contratación do alumno con cargo a un proxecto, o tema complicase coa caducidade do permiso de residencia, necesario para a sinatura do contrato (e viceversa, dada a falla de recursos económicos). Aínda que o asunto se escapa das competencias da oficina do valedor, acaba por centralizarse nela ata que se consegue resolvelo.



ANÁLISE DE DATOS

Nesta sección inclúese unha pequena análise de datos sobre os casos presentados durante o curso académico 2010/11, apoiada por un pequeno soporte gráfico que permita ver facilmente a tipoloxía e a distribución dos casos por colectivos, órganos e servizos.



Para unha correcta interpretación dos resultados que aquí se presentan, cómpre ter en mente as seguintes consideracións:

- Non todas as consultas que chegan á Oficina do Valedor Universitario teñen a súa orixe nunha falla de atención por parte do centro ou do servizo ao que correspondería dar resposta.
- Non todas as queixas ou reclamacións que se presentan na Oficina responden necesariamente a unha mala actuación do órgano ou servizo contra o que se reclama.
- Aínda que boa parte da normativa que é de aplicación nos centros ten un carácter universal, os centros e os departamentos poden presentar unha certa especificidade en función do tipo de estudos que neles se impartiren.
- En cada centro estase a impartir un determinado número de títulos de grao e posgrao que pode diferir moito duns centros a outros.
- O número de alumnos, PDI e PAS varía considerablemente segundo o centro.
- O número e as funcións do PAS varían considerablemente segundo o servizo.
- O grao de vinculación dos servizos centrais coas vicerreitorías en que se integran é moi diverso, polo que con frecuencia é difícil deslindar responsabilidades ante determinadas queixas ou reclamacións. Así, no tratamento de datos sobre casos relacionados cos servizos centrais e/ou as vicerreitorías, procederemos á súa agrupación por vicerreitorías.



DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR COLECTIVOS





DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CAMPUS



DISTRIBUCIÓN DE CONSULTAS POR COLECTIVOS



DISTRIBUCIÓN DE QUEIXAS POR COLECTIVOS





DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR SEXO

CONSULTAS

	M	H
ESTUDANTES	15	14
PDI	1	0
PAS	2	1
ALLEOS	1	2
TOTAL	19	17

QUEIXAS

	M	H
ESTUDANTES	18	18
PDI	0	4
PAS	0	1
ALLEOS	1	1
TOTAL	19	24




- ESTUDANTES
- PDI
- PAS
- ALLEOS

DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÁREA TEMÁTICA


(C) CONSULTAS
(Q) QUEIXAS

ÁREA TEMÁTICA	ESTUDANTES		PDI		PAS		ALLEOS	
	C	Q	C	Q	C	Q	C	Q
Acceso, taxas e xestión académica	9	5	1	0	0	0	2	1
Validacións, adaptacións e recoñecementos	3	3	0	0	0	0	0	0
Organización e actividade docente	5	2	0	0	0	0	1	0
Exames e criterios de avaliación	4	10	0	1	0	0	0	1
Organización e actividade investigadora	0	1	0	0	0	0	0	0
Bolsas e axudas ao estudo	0	7	0	0	0	0	0	0
Oposicións e concursos	0	0	0	0	0	1	0	0
Comportamento	1	2	0	2	1	0	0	0
Infraestrutura e funcionamento dos servizos	5	3	0	0	2	0	0	0
Outros	2	3	0	1	0	0	0	0
TOTAL	29	36	1	4	3	1	3	2

CONSULTAS




QUEIXAS



■ ESTUDANTES
■ PDI
■ PAS
■ ALLEOS


DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR CENTROS

	CONSULTAS	QUEIXAS
ETS de Arquitectura	9	7
ETS de Camiños, Canais e Portos	2	2
EU de Arquitectura Técnica	4	2
EU de Deseño Industrial	0	1
EU de Fisioterapia	0	2
EU Politécnica	1	0
Facultade de Ciencias	2	1
Facultade de Ciencias da Comunicación	0	3
Facultade de Ciencias da Educación	2	1
Facultade de Ciencias da Saúde	1	0
Facultade de Ciencias do Deporte e a EF	1	1
Facultade de Dereito	4	3
Facultade de Economía e Empresa	0	3
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	0	1
Facultade de Humanidades	0	1
Facultade de Socioloxía	1	1
TOTAL	27	29




DISTRIBUCIÓN DE CASOS POR ÓRGANOS DE GOBERNO DA REITORÍA

	CONSULTAS	QUEIXAS
Reitoría	0	1
Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais	0	3
Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa	0	2
Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental	2	0
Vicerreitoría de Investigación	0	1
Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións	5	5
Xerencia	2	2
TOTAL	9	14



DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CASOS



TEMPO DE RESOLUCIÓN DOS CASOS

1 A 7 DÍAS	49	62%
7 DÍAS A 1 MES	18	23%
1 A 3 MESES	7	9%
+ 3 MESES	5	6%



RECOMENDACIÓNS/ SUXESTIÓNS

Da análise dalgunhas das queixas derivanse recomendacións ou suxestións a distintos órganos ou servizos, aos que se lles solicita o seu concurso, ben para que velen polo cumprimento das normas, ben para que procedan á súa adaptación ou mellora (así acontece nos casos 373/150, 395/172, 408/185, 411/188, 413/190, 415/192, 421/198 e 425/202).

OBXECTIVOS

Para o curso 2011/12, e en calquera caso a curto prazo, pretendemos centrarnos especialmente nos seguintes obxectivos:

- Consolidar no 100% a resposta dos diferentes órganos e servizos ás lexítimas demandas do valedor na procura de que o tempo de resposta se manteña sempre dentro duns límites razoables.

- Incrementar a colaboración cos distintos órganos e servizos na procura dunha mellora da calidade da UDC e centrándonos especialmente nos seguintes aspectos:

- a) Na guía docente, na súa calidade de contrato en que deben quedar claramente establecidas todas as cláusulas e que terá que ser respectado por todas as partes.

- b) Na adecuación e axilidade dos procesos relacionados coas bolsas para o estudo ou para a realización de prácticas en empresas no estranxeiro.

- c) No recoñecemento da experiencia laboral e profesional previa en forma de créditos en calquera etapa da formación universitaria.

- d) Na mellora de documentos e protocolos de actuación para evitar erros ou atrancos no funcionamento de determinadas dependencias.

- e) Na defensa do respecto entre todas as persoas que integran a comunidade universitaria, independentemente da idade, xénero e colectivo ao que pertenceren.

- Velar polos dereitos do estudando sen recursos para que teña acceso aos diferentes títulos oficiais de grao e posgrao que se imparten na UDC.

- Aproveitar a presente memoria para lle dar maior publicidade á figura do valedor universitario, para o cal se prevé unha presentación pública nos campus de Ferrol e A Coruña.

PRESENTACIÓN PERANTE O CLAUSTRO

A memoria anual sobre a xestión realizada entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de agosto de 2011 e os obxectivos para o curso 2011/12 foi posta a disposición dos claustrais cunha semana de antelación a que tivese lugar a sesión do Claustro, o día 15 de maio de 2012.

Durante a presentación oral incidíuse, en primeiro lugar, no labor concreto que, a xuízo do valedor universitario, lle corresponde desenvolver a este órgano, e mais nos obxectivos e o procedemento seguidos para a elaboración da memoria, destacando a incorporación dun pequeno tratamento de datos que facilitará a análise da evolución dos resultados en sucesivos cursos académicos.

Tras a exposición dos resultados, o valedor centrouse nos obxectivos a curto prazo e detívose de maneira especial na defensa dos dereitos do estudantado sen recursos. Concretamente salientou:

- O papel da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), quen viña de emitir un Comunicado a raíz da publicación do Real decreto-lei 14/2012 do 20 de abril de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo (Anexo I).
- A importancia de poñer en práctica medidas paliativas dentro da propia universidade para tratar de evitar a perda inxusta de bolsas, o pagamento inxusto de recargas e a excesiva desviación da porcentaxe de éxito fixada nos planos de estudo verificados, ante eventuais situacións de esixencia desmedida dalgún docente para a superación dalgunha materia. Así, suxírese unha reflexión co fin de analizar a posibilidade de adaptar a norma, de xeito que cando a porcentaxe de persoas aprobadas nunha determinada materia estiver por debaixo dunha cifra que se considere mínima, se proceda automaticamente á revisión dos exames por outro profesorado experto.



Conferencia Estatal de Defensores Universitarios

COMUNICADO DE LOS DEFENSORES UNIVERSITARIOS ESPAÑOLES

La Ley de Reforma Universitaria de 1983 establece la figura del Defensor Universitario (DU), una institución que tras la aprobación de la LOU de 2001 se hace obligatoria para todas las universidades españolas, incluyendo las privadas. Conforme a la Disposición adicional decimocuarta de la LOU, la principal función del DU es "velar por el respeto a los derechos y libertades de los profesores, estudiantes y personal de administración y servicios, ante las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios".

Así, pues, y conscientes de la misión a ellos encomendada, los Defensores Universitarios de España deciden expresar públicamente su preocupación en relación al proceso de reformas emprendidas por el Gobierno y que afectan al ámbito universitario. Especialmente preocupante resulta el Real Decreto-Ley 14/2012 de 20 de abril, particularmente en lo relativo al aumento de tasas y precios públicos de los estudios universitarios, al régimen de dedicación del profesorado y al procedimiento de creación, modificación y supresión de centros y títulos de enseñanzas universitarias. Esta inquietud y malestar está motivada tanto por la forma seguida en la elaboración de la norma, sin ningún contacto formal previo con las partes interesadas, como por el fondo, ya que los cambios legales afectan sustancialmente al modelo de universidad pública.

Consideramos que las emergencias que afectan al país, y que exigen urgentes reformas, ajustes y recortes, en modo alguno pueden justificar la quiebra de la autonomía universitaria o del autogobierno de las Comunidades Autónomas (CCAA); tampoco pueden justificar el recurso sistemático al decreto-ley, renunciando al sano ejercicio de una democracia deliberativa y participativa. Sin ésta no es posible construir proyectos compartidos y perdurables. La forma de gobernar y gestionar los asuntos públicos ha de asumir la complejidad de perspectivas, incorporando la diversidad de intereses contrapuestos y articulando mecanismos de diálogo y concertación. Esta exigencia se hace mucho más inexcusable cuando el contenido de las reformas tiene un carácter estructural, afectando a aspectos sustantivos de nuestro sistema universitario, y en el que están en juego unos derechos y prestaciones inherentes a nuestro modelo de Estado social.



Conferencia Estatal de Defensores Universitarios

Los Defensores Universitarios de España, en el legítimo ejercicio de su función de supervisión, mediación y propuesta, y en su afán de seguir contribuyendo eficazmente a la buena gobernanza de nuestro sistema universitario, hacen un llamamiento en favor de la inmediata recuperación de la democracia deliberativa, la concertación y el diálogo entre las partes interesadas (Gobierno, Oposición, CCAA, Universidades, Sindicatos, asociaciones estudiantiles y demás actores afectados). Sólo así se podrá hacer frente de manera responsable y exitosa al estado de emergencia que viven nuestras sociedades, y también nuestras Universidades; y sólo así los derechos y libertades de los miembros de la comunidad universitaria gozarán de una mayor garantía, evitando al mismo tiempo la precipitación, la imposición y el rechazo, lo que en definitiva deslegitimaría todo el proceso de cambio que las circunstancias demandan.

Madrid, 10 de mayo de 2012

Los Defensores Universitarios de España



conferencia estatal
de defensores universitarios
www.cedu.es - G-85285054

(Aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro)

CAPÍTULO VI **DO VALEDOR UNIVERSITARIO**

Artigo 103

1. O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades dos membros da comunidade universitaria.

2. O valedor universitario será nomeado, entre os membros da comunidade universitaria, polo claustro universitario, por maioría absoluta dos seus membros, cada catro anos. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas.

3. O valedor universitario non estará sometido a mandato imperativo ningún e actuará con plena autonomía e independencia de calquera órgano universitario.

Artigo 104

1. Correspóndelle ao valedor universitario:

Propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento.

Demandar das distintas instancias universitarias canda información considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.

Elaborar cantos informes lle sexan solicitados ou considere oportuno emitir en relación coas actuacións en curso.

Efectuar as propostas que considere axeitadas para a solución dos casos que sexan sometidos ao seu coñecemento.

2. O valedor universitario non poderá actuar en relación con actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que se interpuxese recurso administrativo ou xurisdiccional.

3. O valedor universitario deberá presentar anualmente ante o claustro universitario unha memoria da súa actividade coas recomendacións e suxestións oportunas.

REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO 3

Aprobado polo Claustro na súa sesión do día 5 de maio de 2006

Preámbulo

En cumprimento do establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro) e no artigo 104.1.a) do Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG número 100, de 26 maio 2004), polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, a presente disposición normativa, aprobada polo Claustro da Universidade na súa sesión de 5 de maio do 2006, ten como finalidade regular a figura do valedor universitario como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria, e cuxas actuacións están sempre dirixidas a mellorar o funcionamento da Universidade da Coruña como servizo público.

Título I

Disposicións xerais

Artigo 1

O valedor universitario é o órgano encargado de velar polo respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da comunidade universitaria nas actuacións dos diferentes órganos e servizos da Universidade da Coruña e tamén nas situacións de conflito que puideren xurdir entre os propios membros da comunidade universitaria, mais sempre que así for requirido de común acordo polas partes implicadas.

Artigo 2

Na Universidade da Coruña, o valedor universitario, para os efectos de protocolo e de complemento retributivo, será equiparable a vicerreitor. Poderá ser dispensado total ou parcialmente das súas tarefas académicas coa Universidade.

Artigo 3

1. No exercicio das súas funcións, o valedor universitario non está sometido a mandato imperativo de ningún tipo, nin recibe instrucións de ningunha autoridade académica nin órgano de goberno unipersoal ou colexiado.

2. Co fin de mellorar a calidade universitaria en todos os seus ámbitos, o valedor universitario cumpre as funcións que ten encomendadas con independencia, con obxectividade e con autonomía no marco que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o resto do ordenamento xurídico.

3. A Universidade da Coruña garante a protección e o abeiro do valedor universitario por razón das súas actuacións. Ao valedor universitario non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

Título II

Elección, nomeamento e cesamento do valedor universitario

Artigo 4

1. O valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade.

2. A duración do seu mandato será de catro anos e será posible a súa reelección consecutiva por unha soa vez.

Artigo 5

1. En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro.

2. Por instancia da Mesa do Claustro, a elección do Valedor Universitario será convocada publicamente polo reitor nos dous meses inmediatamente anteriores á expiración do mandato do valedor universitario.

3. A convocatoria, que será comunicada a todos os membros do Claustro, establecerá a data e o lugar da votación, que deberá ter lugar 30 días lectivos despois da súa publicación. Na convocatoria publicarase tamén o

censo actualizado dos membros do Claustro e o calendario electoral.

Artigo 6

1. As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais.

2. Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas.

3. O prazo de presentación de candidaturas será de oito días lectivos desde a publicación da convocatoria.

Artigo 7

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos.

2. Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación.

3. Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 8

1. A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais.

2. Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

3. No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro.

4. O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida.

Artigo 9

1. O valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

a) Por propio pedimento.

b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que o Claustro elixa quen o vai suceder.

c) Por deixar de ser membro da Universidade da Coruña.

d) Por morte ou por incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.

e) Por moción de dúas terceiras partes do Claustro tras proposta do vinte por cento dos claustrais no caso de incumprimento das súas obrigas e dos seus deberes inherentes ao cargo. A solicitude de cesamento dirixida á Mesa do Claustro deberá indicar as causas polas que este se solicita, os nomes e os apelidos das persoas solicitantes, os números dos seus documentos oficiais de identidade ou pasaportes, o sector e o centro ao que pertenceren.

Por instancia da Mesa do Claustro, o reitor convocará nun prazo non superior a quince días lectivos, que hai que contar desde a presentación da solicitude de cesamento, unha sesión claustral que terá como único punto da orde do día a solicitude de cesamento do valedor universitario e enviará aos claustrais a proposta de cesamento.

Nesta sesión claustral intervirán unha das persoas solicitantes do cesamento e o valedor universitario, por unha soa vez e durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Claustro, que deberá serlles comunicado cun mínimo de sete días lectivos de antelación á realización desta sesión claustral. Finalizadas as súas intervencións, votarase a proposta de cesamento. Será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros do Claustro para que esta prospere. Se a proposta de cesamento prosperar, convocarase o proceso electoral previsto neste regulamento no prazo máximo dun mes, mais, se non prosperar, entón ningunha das persoas asinantes poderá promover unha nova solicitude ata que transcorra un ano desde a votación da primeira.

2. Nos casos de finalización do mandato polas causas a), c) e d) o Claustro Universitario iniciará no prazo máximo dun mes o proceso de elección dun novo valedor universitario de conformidade co procedemento previsto neste regulamento para a elección do valedor universitario. Mentres tanto, actuará como tal o/a catedrático/a en activo de maior idade e con máis antigüidade na

Universidade da Coruña que non desempeñe ningún cargo académico nin de goberno nin de representación. Tamén poderá actuar como tal no caso de que o valedor universitario se atope imposibilitado temporalmente para exercer as súas funcións ou deba absterse de intervir naquelas actuacións en que, como membro da comunidade universitaria, tivese intereses persoais.

Título III **Normas xerais de funcionamento**

Artigo 10

O valedor universitario réxese pola Lei orgánica de universidades, os Estatutos da Universidade da Coruña e o presente regulamento.

Artigo 11

A condición de valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de representación ou goberno universitario.

Artigo 12

1. O valedor universitario supervisará as actividades da Universidade dentro dos límites establecidos no artigo 1 deste regulamento e coidará, de oficio ou por instancia de parte, de que fiquen garantidos o pleno respecto dos dereitos e das liberdades de todos os membros da Universidade da Coruña, para evitar situacións de indefensión ou de arbitrariedade. En ningún caso poderá actuar en relación con actos que esgoten a vía administrativa ou contra os que se interpuxese un recurso administrativo ou xudicial.

2. O valedor universitario poderá solicitar da administración universitaria a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor. Tamén poderá solicitar asistencia técnica xurídica dentro ou fóra da Universidade, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

3. O valedor universitario poderá solicitar a súa asistencia como observador ás sesións de calquera órgano da Universidade, cando el considere que se tratan materias relacionadas coas súas funcións.

Artigo 13

A Universidade da Coruña proporcionará ao valedor universitario os medios materiais e persoais necesarios

para o cumprimento dos seus fins. A dotación económica necesaria para o seu funcionamento consignarase, cada ano, nos orzamentos da Universidade da Coruña, tras a proposta razoada presentada polo propio valedor.

Título IV **Procedementos de actuación**

Artigo 14

O valedor universitario actúa de oficio ou por instancia de parte en todas as situacións que foren susceptibles de necesitar o seu abeiro. Na tramitación dos procedementos perante o valedor universitario seguiranse todas as garantías previstas legalmente para os procedementos administrativos.

Capítulo I **Por instancia de parte**

Artigo 15

1. Calquera membro da Universidade da Coruña que invoque un interese lexítimo poderá dirixirse, sen ningunha restrición, ao valedor universitario.

2. As reclamacións formularaaas a persoa interesada mediante a presentación dun escrito que conteña o seu nome e os seus apelidos, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte, o sector ao que pertence e o seu domicilio para os efectos de notificación. Nel deberanse concretar, con suficiente clareza, os feitos que orixinan a reclamación, o motivo e o alcance da pretensión formulada e o pedimento que se dirixa ao valedor universitario.

3. O escrito da reclamación presentarase con liberdade de forma, sen prexuízo da existencia de impresos que faciliten a presentación da reclamación por parte das persoas interesadas, que ademais poderán solicitar asesoramento para cubriren os impresos ou presentaren os seus propios escritos de reclamacións.

Artigo 16

1. O valedor universitario contará cun rexistro propio, non integrado no sistema xeral de rexistros da Universidade da Coruña, aínda que deberá estar en coordinación con el. Este rexistro terá carácter reservado co fin de garantir a confidencialidade dos asuntos tramitados e, especialmente, a identidade de quen formalice a solicitude de intervención do valedor universitario.

2. O valedor universitario rexistrará e emitirá un xustificante de recepción de todas as reclamacións

presentadas que admitirá ou non, motivadamente, no prazo máximo de quince días hábiles. Non admitirá as reclamacións anónimas, as formuladas con insuficiente fundamento ou inexistencia de pretensión e todas aquelas outras cuxa tramitación prexudiquen dereitos lexítimos de terceiras persoas.

3. Tampouco entrará no exame daquelas reclamacións que estiveren pendentes de resolución nun proceso xudicial ou nun expediente administrativo. E suspenderá calquera actuación se, no transcurso da súa tramitación, se iniciar un procedemento administrativo ou se interpuxer demanda ou recurso perante os tribunais de xustiza.

Artigo 17

1. Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor universitario informará deles á autoridade universitaria que corresponda para esta proceder en consecuencia.

2. Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor universitario poderá acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

3. A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

Artigo 18

1. O valedor universitario resolverá no prazo de tres meses desde que foi presentada a reclamación.

2. Deberá notificarlles formalmente a súa resolución ás persoas interesadas. Tamén a comunicará ao órgano universitario afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

3. As decisións e as resolucións do valedor universitario non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos da Universidade da Coruña.

Capítulo II De oficio

Artigo 19

Se o valedor universitario tiver coñecemento fidedigno de feitos que puidesen attentar contra dereitos de calquera membro da comunidade universitaria, individual ou colectivamente, ou do mal funcionamento administrativo dalgunha unidade, pode iniciar unha investigación de oficio, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 deste regulamento, que daría lugar a un informe e que sería remitido ás partes interesadas ou ás autoridades universitarias correspondentes para repararen estes feitos ou erros.

Capítulo III De mediación e conciliación

Artigo 20

1. Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor universitario iniciará os actos de mediación e de conciliación conducentes á solución pactada dos conflitos que se produciren entre membros da comunidade universitaria.

2. As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do valedor universitario mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, os sectores aos que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clarezza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor universitario.

3. O valedor universitario, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollese nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor universitario e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

Título V Informes e recomendacións

Artigo 21

1. O valedor universitario poderá presentar perante os órganos colexiados da Universidade da Coruña os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido por unha quinta parte dos membros do órgano colexiado correspondente.

2. Tamén poderá formularlles aos distintos órganos da Universidade da Coruña recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

Título VI

Memoria anual

Artigo 22

1. O valedor universitario presentará nunha sesión do Claustro da Universidade unha memoria anual sobre a xestión realizada durante o curso académico e os seus obxectivos para o seguinte curso. A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento da Universidade da Coruña.

2. Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas interesadas no procedemento de investigación.

3. Para coñecemento da comunidade universitaria, a memoria será divulgada e unha copia desta será enviada a todos os órganos colexiados e unipersoais da Universidade.

Título VII

Reforma do Regulamento do Valedor Universitario

Artigo 23

1. A modificación do presente regulamento compete ao Claustro da Universidade da Coruña.

2. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao propio valedor universitario ou a un terzo dos membros do Claustro universitario. A iniciativa deberá ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

3. A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros do Claustro, en sesión convocada para o efecto

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que ditaron os órganos da Universidade da Coruña, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto na presente normativa e sinaladamente o Regulamento da Comisión de Garantías, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 3 de abril de 2002.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor aos vinte días seguintes da súa aprobación polo Claustro. O seu texto darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión. Incluirase igualmente o seu texto nas memorias anuais que elabore o valedor universitario desde ese momento.